

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 13 de maio de 2002 pola que se convoca concurso público de méritos para cubrir determinadas prazas, en réxime de comisión de servizo por funcionario, docentes de ensino non universitario, na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

A Lei 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo (LOXSE) encomenda ás administracións educativas o fomento da investigación e da innovación nos ámbitos curricular, metodolóxico, tecnolóxico, didáctico e organizativo.

Os cambios que se producen no eido cultural, tecnolóxico e productivo sitúannos diante dun horizonte de frecuentes readaptacións, actualizacións e novas cualificacións. Por estas razóns, a reforma educativa é entendida como un proceso continuo, é dicir, unha permanente posta en práctica das innovacións e dos medios que permitan ó sistema educativo acadalos fins que a sociedade lle encomenda.

A xeneralización das novas ensinanzas establecidas na LOXSE esixe, nestes momentos, un maior esforzo no deseño e planificación, especialmente en campos como o desenvolvemento curricular.

Pola súa parte, o Plan Galego de Formación Profesional enmarcado no II Programa de Formación Profesional e na futura Lei das cualificacións e da formación profesional, potencia extraordinariamente estas ensinanzas o que esixe, entre outras medidas, o deseño de materiais didácticos de apoio, en relación coas distintas especialidades, a súa adecuación ás modalidades de ensinanza non presenciais e ás que se destinan ás persoas adultas, o desenvolvemento de proxectos de mellora da calidade educativa, e a difusión de experiencias de innovación e desenvolvemento a nivel autonómico, estatal ou internacional.

as características do alumnado e que van destinados e ás necesidades dos sectores socioproductivos, e que cumpran eficazmente a súa finalidade profesionalizadora.

Así mesmo, os programas educativos europeos, que se impulsan desde a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, precisan dun apoio continuado á vista da súa potenciación por parte da Unión Europea, co horizonte do ano 2006.

Tendo en conta que o Decreto 244/1999, do 29 de xullo, polo que se regula a cobertura de diversas prazas por funcionarios públicos docentes que impartan ensinanzas de niveis non universitarios, establece que se poderán cubrir en réxime de comisión de servizo, por concurso de méritos específico entre funcionarios de carreira dos corpos docentes que impartan ensinanzas de niveis non universitarios, aquelas prazas que, segundo as previsións contidas no artigo 59 da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, fomenten e favorezan a integración en equipo de profesores para a elaboración de proxectos que inclúan innovacións curriculares, metodolóxicas, didácticas, de avaliación, apoio técnico á investigación e organización de centros docentes, esta consellería

DISPÓN:

Artigo 1º.-Obxecto.

Convócase concurso de méritos específico entre funcionarios de carreira dos corpos docentes que impartan ensinanzas de niveis non universitarios para cubri-las prazas, en comisión de servizo, nos servizos centrais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que se especifican no anexo I desta orde.

Artigo 2º.-Funcións.

O persoal seleccionado desenvolverá as funcións que se indican no anexo I, relacionadas coa elaboración de currículos e o seu desenvolvemento, a elaboración de materiais de apoio para as diferentes etapas educativas, o apoio á formación en centros

de traballo, a promoción dos programas educativos europeos, así como as de colaboración nas accións que se leven a cabo nos servizos ós que resulten adscritos.

Artigo 3º.-Concursantes.

Poderán participar neste concurso os profesores e as profesoras dos centros públicos de niveis non universitarios, funcionarios de carreira, que reúnan os seguintes requisitos na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes:

1. Encontrarse en situación de servizo activo, ou servizos especiais, na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Non estar destinado en comisión de servizos durante o período para o que se solicita a praza.

3. Contar cun mínimo de 3 anos de experiencia docente como funcionario de carreira.

4. Cumprir cos requisitos específicos das prazas que se indican no anexo I.

Artigo 4º.-Solicitude e documentación.

1. Solicitude.

a) Os interesados deberán presenta-la súa solicitude mediante instancia axustada ó modelo que se publica no anexo II desta convocatoria, indicando as prazas que se solicitan por orde de preferencia.

b) A instancia, así como a documentación á que se alude no artigo 4º.2 desta convocatoria, poderán presentarse no rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (edificios administrativos de San Caetano, 15771 Santiago de Compostela), nas delegacións provinciais da consellería ou en calquera das dependencias que sinala o artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e dirixiranse á directora xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional.

No caso de que se presentase a solicitude nunha oficina de correos, farase en sobre aberto, para que sexa datada e selada polo funcionario de correos antes de ser certificada.

2. Á instancia xuntarase a seguinte documentación:

a) Folla de alegación de méritos e autobaremação, axustada ó modelo que se publica no anexo IV desta convocatoria.

b) Documentación á que se refire o anexo III desta convocatoria, para acreditar tódolos servizos e méritos alegados así como unha relación numerada, dataada e asinada, dos documentos presentados seguindo a orde que aparece no citado anexo. Aqueles méritos alegados e non xustificadas documentalmente non serán tidos en conta.

c) Proxecto de traballo, referido ás funcións que se van realizar, cunha extensión máxima de 20 folios, tamaño DIN-A4, a unha soa cara, a dobre espazo e tamaño de letra de 12 puntos.

Artigo 5º.-Prazo de presentación.

1. O prazo de presentación de instancias e documentos será de 15 días naturais, contado a partir do día seguinte ó da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

2. Os méritos alegados fóra do prazo de presentación das solicitudes non se terán en conta nin serán valorados.

Artigo 6º.-Comisión de selección.

1. Este concurso será resolto por unha comisión de selección formada polos seguintes membros:

Presidente: a directora xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional, ou persoa en quen delegue.

Vocais:

-A subdirectora xeral de Formación Profesional e de Educación de Adultos.

-O xefe de servizo de Formación Profesional.

-A xefa de servizo de Formación en Empresas e Orientación Laboral.

-Dous membros da Inspección Educativa, designados pola Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional.

Secretario: un funcionario da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que actuará con voz e sen voto.

Cada un dos sindicatos da Mesa Sectorial Docente poderá nomear un representante para a asistencia ás sesións da comisión, con voz e sen voto. Coa debida antelación, o nome do representante seralle comunicado ó presidente da comisión de selección.

2. A comisión poderá dispoñer-la constitución dunha subcomisión técnica especializada para colaborar na valoración daqueles méritos e/ou proxectos de traballo que coiden pertinentes. Cada un dos sindicatos da Mesa Sectorial Docente poderá nomear un representante para a asistencia ás sesións da subcomisión, con voz e sen voto.

3. Os membros da comisión e da subcomisión estarán suxeitos ás causas de abstención e recusación establecidas nos artigos 28 e 29 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e terán dereito a percibir asistencias e axudas de custo por concorrer-las sesións, conforme o Decreto 144/2001, do 7 de xuño, estando cualificadas na categoría primeira.

Artigo 7º.-Proceso de selección.

O proceso de selección constará de dúas fases. Unha primeira na que se valorarán os méritos alegados e o proxecto, e unha segunda na que se realizará unha entrevista ós aspirantes que superen a primeira fase.

Artigo 8º.-Primeira fase de selección.

1. A comisión fará públicas as puntuacións provisionais asignadas a cada un dos aspirantes, como resultado da aplicación do baremo que figura no anexo III. Estas listaxes publicaranse nos taboleiros de anuncios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e das delegacións provinciais.

2. Os aspirantes poderán presenta-las alegacións que estimen convenientes contra a listaxe provisional, dirixidas á directora xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional, no prazo de cinco días naturais contados a partir do seguinte ó da súa publicación, por calquera dos procedementos recollidos no punto 4º.1 b) desta orde.

3. Unha vez estudadas e resoltas as alegacións presentadas, a comisión publicará a lista definitiva das puntuacións, nos apartados de méritos e proxecto de traballo, nos taboleiros de anuncios dos servizos centrais e das delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Artigo 9º.-Segunda fase de selección.

1. Tódolos aspirantes que obteñan unha puntuación mínima de 4 puntos no proxecto serán convocados pola Comisión de Selección á celebración dunha entrevista para mellor aprecia-las circunstancias que concorren neles, e que versará sobre o proxecto presentado.

2. Os aspirantes que non acaden unha puntuación mínima de 4 puntos no proxecto e de 4 puntos na entrevista non poderán ser propostos pola comisión, sendo seleccionados aqueles aspirantes que, obtendo as puntuacións mínimas sinaladas, acaden as maiores puntuacións no total dos puntos considerados no baremo establecido no anexo III, para a praza que solicitan.

3. No caso de producírense empates no total de puntuacións outorgadas, estes resolveranse atendendo sucesivamente e por esta orde á maior puntuación nos puntos 7, 2.1, 1.1 e 5 do baremo.

Artigo 10º.-Proposta de nomeamento.

1. A relación provisional dos concursantes pre-seleccionados farase pública nos taboleiros de anuncios dos servizos centrais e das delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Establecerase un prazo de cinco días para que os interesados poidan efectua-las posibles reclamacións ou renuncias ás prazas adxudicadas provisionalmente.

2. Unha vez resoltas as reclamacións, admitidas as posibles renuncias e superado un proceso de formación por parte dos seleccionados, a comisión remitiralle ó conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria a proposta de resolución desta convocatoria, xunto coa acta definitiva coa expresión das valoracións outorgadas a cada un dos candidatos, así como a relación final das persoas seleccionadas con mención do posto que se adxudicará a cada unha delas.

Artigo 11º.-Resolución da convocatoria.

1. Unha vez realizado todo o proceso anterior, a Comisión de Selección proporalle ó conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria a adxudicación de postos, que será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, e pola que se entenderán notificados, para tódolos efectos, os concursantes ós que lles afecte.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ó da súa publicación no DOG, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro) de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

2. As prazas adxudicadas son irrenunciabes. Os funcionarios e funcionarias docentes que resulten seleccionados por esta convocatoria quedarán adscritos ós postos adxudicados a partir da data que se indique na resolución definitiva, e permanecerán nestes en réxime de comisión de servizos, con reserva de posto de traballo de orixe, por un período dun ano, renovable ano a ano ata un máximo de seis, establecéndose un proceso de avaliación do exercicio da súa actividade que, no caso de ser positiva, determinará a súa continuidade.

3. O prazo máximo para notifica-la resolución deste procedemento é de seis meses desde o día seguinte ó da publicación desta convocatoria, tendo efectos desestimatorios a falta de resolución expresa nese período.

Artigo 12º.-Devolución da documentación presentada.

Os interesados ou os seus representantes legais poderán retirar-la documentación presentada para acredita-los méritos alegados na Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (edificios administrativos de San Caetano. 15771, Santiago de Compostela), o mes seguinte ó da publicación no *Diario Oficial de Galicia* da resolución definitiva do concurso.

Artigo 13º.-Retribucións.

Para efectos de retribucións, en concepto de complemento específico, os funcionarios docentes que resulten seleccionados percibirán o complemento específico correspondente a membros de equipos da reforma, segundo o establecido no anexo IV.2º.dous da Orde do 18 de xaneiro de 2001, DOG do 23 de xaneiro, pola que se dictan instrucións para a confección de nóminas de persoal ó servizo da Administración autonómica.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase a Dirección Xeral de Persoal e á Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional para dicta-las disposicións que sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2002.

Celso Currás Fernández
 Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO

Relación e perfil das prazas

Denominación da praza	Nº de prazas	Requisitos	Destino	Funcións
Desenvolvemento curricular de ciclos formativos e programas de garantía social	4 *	Profesor de ensino secundario ou profesor técnico de formación profesional con atribución docente na familia profesional. Coñecementos de informática a nivel de usuario.	DXOEFP	-Elaboración de propostas curriculares e do seu desenvolvemento da formación profesional específica e de programas de garantía social. -Deseño e elaboración de propostas para a actualización formativa do profesorado de formación profesional. -Deseño de espazos e acondicionamento de aulas e caracterización de equipos didácticos para a impartición de ciclos formativos. -Impulso e apoio ás relacións entre os centros educativos e as empresas.
Análise e deseño curricular	1	Experiencia en deseño de currículos das diferentes etapas educativas. Coñecementos de informática a nivel de usuario e de autoedición.	DXOEFP	-Metodoloxías no proceso de elaboración de currículos e o seu desenvolvemento. -Coordinación das propostas curriculares e do seu desenvolvemento e elaboración de documentación de apoio curricular e normativa.
Programas educativos europeos	1	-Dominio oral e escrito de linguas estranxeiras (inglés, francés, outras...) -Experiencia na xestión de programas europeos.	DXOEFP	-Coordinación dos programas educativos europeos. -Colaboración coas estruturas de formación do profesorado, no desenvolvemento dos programas europeos

* Distribución das prazas entre as diferentes familias e especialidades:

Actividades físicas e deportivas; comunicación imaxe e son; servizos socioculturais e á comunidade: 1.

Hostalería e turismo; actividades agrarias; industrias alimentarias; imaxe persoal; química; sanidade; vidro e cerámica: 1.

Edificación e obra civil; madeira e moble: 1.

Actividades marítimo pesqueiras; fabricación mecánica; mantemento de vehículos autopropulsados; mantemento e servizos á produción; electricidade e electrónica: 1.

ANEXO II

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO CONCURSO PÚBLICO DE MÉRITOS PARA CUBRIR DETERMINADAS PRAZAS, EN RÉXIME DE COMISIÓN DE SERVICIO POR FUNCIONARIOS DOCENTES DE ENSINO NON UNIVERSITARIO, NA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

DATOS DO SOLICITANTE

APellidos:	NOME:	NIF:
Enderezo particular:	LOCALIDADE:	
CONCELLO:	PROVINCIA:	CP:
		TELÉFONO:

DATOS PROFESIONAIS

Nº rexistro persoal:	DATA DE INGRESO NO CORPO:
PERTENCENTE Ó CORPO DE:	ESPECIALIDADE:
NOME DO CENTRO DE DESTINO:	
Enderezo:	LOCALIDADE:
CONCELLO:	PROVINCIA:
	CÓDIGO POSTAL:
	TELÉFONO:

RELACIÓN DE POSTOS SOLICITADOS:

Marque con X a/s prazas solicitadas.
 Marque con 1, 2, 3... a súa orde de preferencia polas prazas solicitadas

<input type="checkbox"/> Desenvolvemento curricular: (Indicar prazas de familia profesional ou especialidade ás que concursa, segundo anexo I desta orde) ○ ○ ○	<input type="checkbox"/> Análise e deseño curricular <input type="checkbox"/> Programas educativos europeos
---	--

SOLICITA TOMAR PARTE NO CONCURSO DE MÉRITOS CONVOCADO POLA ORDE DO 13 DE MAIO DE 2002 E DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE SEREN CERTOS TÓDOLOS DATOS QUE SE INDICAN.

DATA E SINATURA DO SOLICITANTE: _____ En _____ de _____ de 2002

Concepto	Puntuacións parciais (máximo)	Puntuación total
1. Méritos específicos relacionados co posto ó que aspira 1.1. Participación ou coordinación de actividades de deseño curricular. 1.2. Participación en programas europeos. 1.3. Participación en programas ou actividades de investigación e innovación educativa relacionados coa especialidade á que se opta. 1.4. Participación en programas ou actividades de investigación e innovación educativa de carácter xeral. 1.5. Por cada ano de servizo nas estruturas da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria relacionadas coa especialidade á que opta.	1 0,5 2 1 2	
2. Asistencia a actividades de formación Por asistencia a actividades de formación do profesorado organizadas polas administracións educativas, por institucións sen ánimo de lucro que fosen homologadas polas administracións citadas, así como as organizadas polas universidades. 2.1. Actividades sobre aspectos curriculares, metodolóxicos e de avaliación propios da especialidade á que opta. 2.2. Actividades relacionadas con aspectos curriculares, metodolóxicos e de avaliación, de carácter xeral. 2.3. Actividades relacionadas coas tecnoloxías da información e da comunicación. 2.4. Actividades relacionadas cos idiomas, cos temas transversais do currículo ou coa atención á diversidade.	2 1 1 0,5	
3. Publicacións 3.1. Publicacións de carácter científico, pedagóxico e didáctico relacionadas coa especialidade á que opta. 3.2. Publicacións educativas de carácter xeral.	2 1	
4. Titulacións académicas 4.1. Polo título de doutor. 4.2. Por cada titulación de grao superior distinta á alegada para o ingreso no corpo desde o que participa. 4.3. Por cada titulación de grao superior en ciencias da educación (sección de ciencias da educación), pedagogía ou psicopedagogía, distinta á alegada para o ingreso no corpo desde o que participa. 4.4. Por cada titulación de grao medio ou diplomatura distinta á alegada para o acceso ó corpo desde o que participa.	2	
5. Antigüidade (máximo 3 puntos) Por cada ano de servizo como funcionario/a de carreira (non se computarán os esixidos como requisito).	3	
6. Cursos de lingua galega (máximo 1 punto) Iniciación Perfeccionamento	1	
7. Proxecto de traballo e entrevista. (Puntuación mínima alegada para este punto: 4 puntos para o proxecto e 4 puntos para a entrevista).	12	

Resolución do 22 de maio de 2002, da Dirección Xeral de Persoal, pola que se abre un prazo para que o profesorado dos corpos de profesores de ensino secundario e profesores técnicos de formación profesional, que non teñan horario no centro, soliciten praza provisional para o curso académico 2002-2003.

Por Resolución do 21 de maio de 2002, da Dirección Xeral de Persoal, dictanse normas para a adxudicación provisional para o próximo curso académico 2002/2003, entre profesores de ensino secundario, formación profesional, escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño, que non teñan destino definitivo na Comunidade Autónoma de Galicia.

Na base décimo sexta da citada resolución establécese que con carácter previo á adxudicación das prazas deste concurso a Consellería de Educación

e Ordenación Universitaria procederá á adscripción provisional daqueles profesores que, tendo destino definitivo, deban ser desprazados por falta de horario no seu centro de destino.

Coa finalidade de lle dar cumprimento ó establecido na base décimo sexta da Resolución do 21 de maio de 2002, convócase este concurso de acordo coas seguintes bases:

Primeiro.

1. Estarán obrigados a participar neste concurso, na súa especialidade, e a prazas da súa localidade, os funcionarios de carreira do corpo de profesores de ensino secundario e profesores técnicos de formación profesional que, tendo destino definitivo, deban ser desprazados por falta de horario no seu centro de destino, no curso académico 2002-2003.

2. Ós que, estando obrigados, non participen neste concurso, a Dirección Xeral de Persoal, por proposta da delegación provincial correspondente, adxudicaralles de oficio destino provisional para o curso académico 2002-2003 nun centro da localidade na que está destinado definitivamente.

3. Quedarán exentos de participar obrigatoriamente polo punto 1 os profesores que participen polo punto seguinte.

Segundo.

1. Poderán participar voluntariamente neste concurso, na súa especialidade, e a prazas da localidade ou localidades que elixan, os funcionarios de carreira do corpo de profesores de ensino secundario e profesores técnicos de formación profesional que, tendo destino definitivo, poidan ser desprazados por falta de horario no seu centro de destino, no curso académico 2002-2003.

2. Este profesorado poderá indicar se está disposto a completar horario con materias afíns ou, incluso, se impartiría substitucións en determinadas localidades.

Terceiro.

1. Considérase que un profesor non ten horario no seu centro cando non dispoña de ningunha hora da súa especialidade, despois de cumprirse tódolos criterios para determinar os cadros de persoal dos institutos de ensino secundario e centros públicos integrados establecidos no acordo entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as organizacións sindicais ANPE, CC.OO. e CSI-CSIF, asinado o 21 de xullo de 1998.

Os criterios son os que a continuación se relacionan:

a) A definición dunha praza vén dada pola asignación de 18 horas lectivas semanais:

-A primeira praza de cada área ou materia determinarase a partir de doce horas semanais, agás nos centros que contén con especialistas, que sairá con 8 horas lectivas.